





Cinexornal



BOLETÍN DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

NADAL, TEMPO DE CINE!



ALTERITATS (Alba Cros, Nora Haddad; España 2023, 91')

Documental que recolle a voz de diferentes vivencias lésbicas de catro xeracións residentes en Cataluña, unha xenealoxía. Un percorrido de vidas que se van entrelazando, a través das cales imos descubrindo en que consiste cohabitar nun mundo estruturalmente heterosexual e á vez formar parte do colectivo LGBTIQ+

AQUAMAN E O REINO PERDIDO (James Wan, USA, 2023)

Nesta secuela de Aquaman (2018), o rei de Atlantis deberá confrontarse ao seu inimigo Black Manta, que desata a forza malévola do mítico Tridente Negro. Para detelo, Aquaman recorrerá ao seu irmán o rei Orm. Xuntos, deberán obviar as súas diferenzas para protexer a Atlántida e o mundo dunha devastación irreversible.



O CORNO (Jaione Camborda, España, 2023, 103')

Illa de Arousa, 1971. María é unha muller que gaña a vida recollendo marisco. Mais ten outra ocupación: é a que axuda ás mulleres no parto, tamén a aquelas que non queren ser nais. Cando practica un aborto a unha moza da zona e morre, a protagonista vese obrigada a fuxir. En busca da súa liberdade, María decide cruzar a fronteira por un dos camiños dos contrabandistas entre Galicia e Portugal e sobrevive grazas a outras mulleres que, do mesmo xeito que ela, arríscanse axudando.

THE CROWN (Peter Morgan -creador-, Stephen Daldry, Philip Martin, Julian Jarrold e outros; Reino Unido; Serie de TV dende o 2016 á actualidade -6 tempadas con capítulos duns 60'-; Netflix)

Baseada na exitosa obra de teatro de Peter Morgan, *The Audience*; conta a historia da última raíña de Inglaterra, Isabel II, e da relación entre dous dos enderezos máis famosos do mundo: o Pazo de Buckingham e o número 10 de Downing Street, coas intrigas, amores e maquinacións ocultas tras dos eventos que forxaron a segunda metade do século XX. Dúas casas, dúas cortes, unha coroa.





O DIARIO DE GREG EN NAVIDAD: ATRAPADOS NA NEVE (Luke Cormican, USA, 2023, 95', Disney+)

As vacacións de inverno deste ano están a resultar complicadas para Greg Heffley. Tras estragar de xeito accidental un ben alleo xunto ao seu mellor colega, Rowley, Greg está preocupado por non recibir o agasallo que desexa para o Nadal. Ademais queda illado coa súa familia na casa pola neve. Será capaz Greg de portarse ben?

DOCTOR WHO (Disney+)

A lendaria serie de aventuras e ciencia ficción para todos os públicos de BBC cumpre 60 anos con tres episodios especiais: A besta estelar, A salvaxe distancia azul e A risa. Todos eles protagonizados polo Décimo cuarto Doutor, que volve tomar os trazos de David Tennant, da man ademais dunha das acompañantes máis queridas da serie, Donna.



DUNGEONS & DRAGONS: HONOR ENTRE LADRÓN (John Francis Daley, Jonathan M. Goldstein; USA, 2023, 128' SkyShowTime)

Adaptación cinematográfica do primeiro xogo de rol da historia, publicado por primeira vez en 1974. Un ladrón encantador e unha banda de aventureiros increíbles emprenden un atraco épico para recuperar unha reliquia perdida, pero as cousas saen rematadamente mal cando atopan con persoas equivocadas.

FAMILIA REVOLTA (McG, USA, 2023, 105', Netflix)

Jess e Bill Walker fan o que poden para manter á familia unida mentres os seus fillos crecen, fanse máis independentes e vólvense máis distantes. De súpeto, un encontro casual cun astrólogo fai que, xusto a mañá do día máis importante da súa vida, a familia esperte cos corpos intercambiados. Axudaranse entre eles á hora de conseguir un ascenso e un contrato discográfico, e facer unha entrevista na universidade e unha proba de fútbol?



GOLDA (Guy Nattiv, Reino Unido, 2023, 100')

Biopic histórico. A vida de Golda Meir non é nada normal nin sinxela, xa que é a primeira ministra de Israel. Polo seu labor no país é coñecida como a "Dama de Ferro de Israel". Agora atópase nun momento moi complicado pois debe tomar decisións que poderían cambiar o mundo para sempre: Israel acaba de ser atacado por Exipto, Siria e Xordania o que se acabará coñecendo como a Guerra de Yom Kippur, que complicará a vida de moitas persoas.

A IDADE DOURADA (Julian Fellowes -creador-, Michael Engler, Salli Richardson-Whitfield; USA, 2022, serie de TV, 2 tempadas. HBO)

A serie conta o ingreso na rixida escena social da cidade de Nova York en 1882 dunha moza, Marian Brook, que se ve arrastrada aos conflitos diarios que rodean á familia Russell (familia de "nouveau riche") e á familia van Rhijn-Brook (familia establecida), que teñen contactos por todo o mundo desde 61st Street preto da Quinta Avenida no Upper East Side de Manhattan. A serie tamén mostra os conflitos que afrontan á clase alta contra a clase media alta; e á clase alta afroamericana contra os traballadores domésticos, que atenden todas as súas necesidades. Marian seguirá as regras xa establecidas pola sociedade ou forxará o seu propio camiño?




INDIANA JONES E O DIAL DO DESTINO (James Mangold, USA, 2023, 154' Disney +)

Quinta entrega da saga de Indiana Jones. O arqueólogo Indiana Jones deberá emprender outra aventura contra o tempo para tentar recuperar un dial lendario que pode cambiar o curso da historia. Acompañado pola súa afillada, Jones pronto se enfrontará a Jürgen Voller, un ex nazi que traballa para a NASA.



LOKI (Michael Waldron, Kate Herron, Justin Benson, Aaron Moorhead; USA; serie de TV dende 2021 á actualidade -2 tempadas con capítulos de 45'-; Disney +)

Loki é levado ante a misteriosa organización chamada Autoridade de Variación Temporal despois de roubar o Cubo Cósmico e dáselle a elixir entre enfrontarse á eliminación da realidade ou axudar contra unha ameaza maior, polo cal Loki termina viaxando a través do tempo, alterando a historia humana.



A LUZ QUE NON PODES VER (Steven Knight, Shawn Levy; USA. 2023; miniserie de 4 capítulos duns 60', Netflix)

Baseada no bestseller homónimo de Anthony Doerr, ganador do Pulitzer (Ed. Suma, 2015, 664 pp.) A historia de Marie-Laure, unha adolescente francesa cega, e Werner, un brillante adolescente alemán recrutado como soldado para rastrexar emisións de radio ilegais; os seus camiños chocan na Francia ocupada mentres ambos tentan sobrevivir á devastación da 2ª Guerra Mundial.



THE MARVELS (Nia DaCosta, USA, 2023, 105')

Carol Danvers, alias Capitá Marvel, recuperou a identidade que lle arrebataron os tiránicos Kree e cobrouse a súa vinganza contra a Intelixencia Suprema. Pero unha serie de consecuencias imprevistas obrígana a cargar co peso dun universo desestabilizado. Cando o deber lévaa ata un anómalo buraco de verme vinculado a unha revolucionaria Kree, os seus poderes conéctanse cos do seu superfán de Nova Jersey Kamala Khan, tamén coñecida como Ms. Marvel, e cos da súa sobriña, coa que está distanciada e é agora astronauta en S.A.B.E.R., a capitá Monica Rambeau. Xuntas, as integrantes deste insólito trío terán que unir forzas e aprender a traballar en equipo como 'The Marvels' para salvar o universo.


MESTRE (Bradley Cooper, USA, 2023, 129', Netflix)

Biopic sobre o lendario compositor, pianista e director de orquestra estadounidense Leonard Bernstein. Unha historia que visualiza o ascenso de Bernstein como compositor e como foi evolucionando e gañando recoñecemento polos seus grandes proxectos co paso dos anos, aínda que a trama principal enfócase na complexa relación amorosa con Felicia Montealegre. Unha historia emotiva de arte, amor e familia, pero con matices pouco coñecidos sobre Bernstein que saen a relucir na película




NAPOLEÓN (Ridley Scott, USA, 2023, 158')



Orixinal retrato das orixes de Napoleón Bonaparte, que foi ascendendo desde o seu alistamento nas forzas da Revolución Francesa como oficial de baixo rango, desmarcándose como un brillante estratega ata volveuse o desapiadado emperador de toda Francia. Destacando rapidamente como extraordinario líder e visionario da guerra, o implacable e ambicioso combatente entrará en constantes contendas co resto de Europa, mentres mantén tamén unha adictiva e volátil relación co seu verdadeiro amor, a súa cónxuxe Josefina.

ROBOT DREAMS (Pablo Berger, España, 2023, 102')

Película de animación inspirada na novela gráfica homónima de Sara Varon (Editorial Astronave, 2022, 208 pp.) sobre un can e un robot, que nos mostra con conmovedor detalle o poderosas e fráxiles que son as relacións. Despois de que unha excursión á praia na festividade do día do Traballo deixa ao robot oxidado, inmovilizado na area, o can debe refacer a súa vida sen o seu mellor amigo. Pero o recuerdo da súa amizade perdura e, a medida que pasan as estacións, o animal tenta encher o baleiro emocional deixado pola perda do seu amigo máis próximo. Desta forma, fará e perderá novas amistadas, desde un boneco de neve derretido, ata uns hedonistas osos formigueiros. Pero para o robot, oxidado na praia, o único alivio da soidade son os sonhos.

**A II GUERRA MUNDIAL: DENDE A FRONTE** (Rob Coldstream, Reino Unido, 2023, miniserie de 6 episodios de unos 50', Netflix)

Esta docuserie mergulla ao espectador na brutal realidade do conflito mediante a presentación de imaxes e vídeos de arquivo recentemente descubertos. Revela escenas inéditas de batallas cruciais como a Batalla de Inglaterra, o Día D e Stalingrado, ofrecendo unha perspectiva única con testemuños de persoas dos dous bandos enfrontados.

**SICA** (Carla Subirana, España, 2023, 91')

Sica ten tan só catorce anos mais a súa vida está marcada pola traxedia, xa que o seu pai acaba de desaparecer, náufrago nunha terrible tormenta; ela percorre a Costa da Morte esperando que o mar lle devolva o corpo do seu pai. Alí coñece a un mozo de quince anos chamado Suso, alcu- mado "o Cazatormentas". Este mozo estraño espera a chegada da terríbel tormenta Ofelia. Mentres Sica vai coñecendo a Suso tamén vai descubrindo os segredos máis escu- ros da viaxe do seu pai e do pobo costeiro que a viu crecer.

A SOMBRA DE CARAVAGGIO (Michele Placido, Italia, 2022, 120')

Biopic histórico. Italia, inicios do século XVII, Caravaggio é un dos mellores pintores vivos, pero tamén é un rebelde para a Igrexa católica, que considera a súa arte subversiva e contraria á mo- ral. Cando o Papa Pablo V descobre que o artista utiliza prostitutas, ladróns e vagabundos na súa obra, ordena ao servizo secreto do Vaticano que o investigue. Acusado de asasinato, Cara- vaggio foxe de Roma e refúxiase en Nápoles. Apoiado pola poderosa familia Colonna, o artista tenta obter o perdón da Igrexa para regresar a Roma.

**A TRENZA** (Laetitia Colombani, Francia, 2023, 120')

"Laetitia Colombani tece un fermoso fío de sororidade que cruza fronteiras ao redor de tres histo- rias de mulleres loitadoras que miran sen medo ao presente. Un canto aos valores familiares e ao que realmente vale a pena na vida." (La Vanguardia)

Na India, Smita é unha intocable. Soña con darlle unha educación á súa filla pequena e fará todo o posíbel para que iso suceda, mesmo deixar atrás todo o que coñece en busca dun futuro me- llor. En Sicilia, Giulia traballa no taller de perrucas do seu pai, o último dese tipo en Palermo. Cando o seu pai sofre un grave accidente, descobre que o sustento da súa familia está en xogo. En Canadá, Sarah é unha nai de tres fillos divorciada dúas veces e unha exitosa avogada cuxa identidade se basea no seu traballo. Xusto cando espera o ascenso polo que estivo traballando toda a súa carreira, decátase de que ten cancro de mama.

WONKA (Paul King, Reino Unido, 2023, 115')

Película inspirada no personaxe que protagoniza *Charlie e a fábrica de chocolate*, o libro infantil máis emblemático de Roald Dahl. Fantasía musical sobre Willy Wonka antes de converterse no maior fabricante de chocolate e caramelos de todo o mundo. A súa historia plasma os comezos vívidos e míticos dun imaxinativo mozo inventor, que non tardará en converterse no famoso e delicioso Mozart do chocolate. O mozo embárcase nunha misión para difundir alegría a través das súas invencións, que rapidamente se convierten nun fenómeno e chamarán a atención do "Cartel do Chocolate". A historia de Wonka estará tamén marcada pola súa nai e pola súa amizade cun mozo orfo.

**OS XOGOS DA FAME: BALADA DE PAXAROS CANTORES E SERPES** (Francis Lawrence, USA, 2023, 157')

Ambientada nun Panem postapocalíptico, fainos retroceder varias décadas antes do comezo das aventuras de Katniss Everdeen. O mozo Coriolanus Snow será o mentor de Lucy Gray Baird, a nena seleccionada como tributo do empobrecido Distrito 12. A moza sorprenderá a todos ao can- tar na cerimonia de inauguración dos Décimos Xogos da Fame nos que Snow tentará aproveitar- se do seu talento e encanto para sobrevivir.